

Impartido polos docentes da **Facultade de Socioloxía**:

- **Profa. Dra. Elvira Santiago Gómez**, Profesora Axudante Doutora.
- **Prof. Dr. José Antonio Cortés Vázquez**, Profesor Contratado Doutor
- **Prof. Carlos Diz Reboredo**, Profesor Axudante Doutor

Catro sesións teóricas de dúas horas de duración (**de 17 a 19 horas**) a desenvolver os días **8, 15, 22 e 29 de abril de 2021**, nas instalacións da **Universidade Sénior en Normal** (Paseo de Ronda, 47, 1º) **da Coruña**.

As **prazas son limitadas**, tendo **preferencia os alumnos e alumnas matriculadas** na Universidade Sénior no **curso 2020-2021**, e serán **asignadas por rigurosa orde de inscrición**.

A **inscrición** só poderá realizarse **mediante formulario electrónico** no seguinte **prazo: do 13 ao 24 de marzo**, a través da páxina **web: www.udc.gal/senior**, ou o seguinte código QR:

Mais información:

Universidade Sénior
- A Coruña
Edificio Normal
Campus de Riazor
Tlf. 881014507
udc.senior@udc.es

Inscrición:



UNIVERSIDADE SÉNIOR - UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SEMINARIO

NATUREZAS HÍBRIDAS: OS RETOS AMBIENTAIS DO URBANO

Abril de 2021

MAIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓN NA
SECRETARÍA DA UNIVERSIDADE SÉNIOR

WWW.UDC.GAL/SENIOR



Este seminario trata a relación entre natureza e sociedade analizando o conflito en torno ao uso e xestión do territorio que xorde naqueles espazos que problematizan a clásica – pero persistente – división entre espazos urbanos e rurais, naturais e non naturais, ou marítimos e terrestres. Falamos de espazos que albergan diferentes "naturezas híbridas", típicas de casas abandonadas, vertedoiros, pontes, estradas sen asfaltar, lagoas ou cunetas. Este seminario buscará responder, entre outras, a algunhas das seguintes preguntas: Que é un espazo verde? Que funcións teñen as diferentes naturezas urbanas e rurais? Como se xeran política e culturalmente os espazos naturais? Cales son os límites do estilo de vida urbano? Para responder a estas cuestións o seminario contará con tres sesións expositivas e unha saída guiada e comentada polos espazos híbridos emblemáticos da cidade da Coruña. Trataremos de reflexionar en torno á relación entre sociedade, natureza e cidade dende un achegamento multidisciplinar e aplicado.

Contidos:

Xoves 8 abril (17-19h):

Sesión I:

Rural e naturezas híbridas.

Xoves 15 abril (17-19h):

Sesión II:

Cidade e naturezas híbridas.

Xoves 22 abril (17-19h):

Sesión III:

Tecnoloxías e naturezas híbridas.

Xoves 29 abril (17-19h):

Sesión IV:

Obradoiro de Naturezas Híbridas.